

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

TUI

Ordenanzas e Regulamentos

APROBACIÓN DEFINITIVA DA ORDENANZA REGULADORA DA PROVISIÓN DE BIOTRITURADORAS A PARTICULARES PARA XESTIÓN DA BIOMASA DOMICILIARIA

EDICTO

O Pleno da Corporación Municipal, en sesión ordinaria realizada o 29 de setembro de 2022, aprobou inicialmente a Ordenanza reguladora da provisión de biotrituradoras a particulares para xestión da biomasa domiciliaria.

Rematado o período de exposición pública do anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra núm. 195, de data 11 de outubro de 2022, sen que se tiveran presentado reclamacións ou suxestións, elévase a definitivo o acordo ata entón provisional e, de conformidade co art. 49 de Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, procédese á publicación definitiva do texto íntegro da ordenanza que se transcribe a continuación:

"ORDENANZA REGULADORA DA PROVISIÓN DE BIOTRITURADORAS A PARTICULARES PARA XESTIÓN DA BIOMASA DOMICILIARIA

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Considerando oportuno e necesario facilitar o uso de biotrituradoras propiedade do concello á veciñanza, en aras a fomentar unha correcta xestión dos residuos de orixe vexetal xerados no ámbito municipal, contribuíndo así a:

- Evitar que estes residuos rematen no circuíto de recollida do lixo, co conseguinte custe asociado a danos materiais e de xestión.
- Obter un produto de valor engadido para a plan de compostaxe do Concello, no que pode ser empregado como estruturante, ou incluso como material de alcolchado para horta e xardíns.
- Reducir o número de queimas, minimizando riscos de incendio e contaminación ambiental.

Considerando que as razóns expostas motivan a adecuación ao interese xeral da aprobación dunha ordenanza que estableza as normas ás que deberá axustarse a provisión de biotrituradoras a particulares para a xestión da biomasa domiciliaria.



Considerando as competencias municipais recoñecidas no artigo 25.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local (LRBRL), que prevé que “O Municipio exercerá en todo caso como competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, nas seguintes materias: ... b) Medio ambiente urbano: en particular, parques y jardines públicos, gestión de los residuos sólidos urbanos y protección contra la contaminación acústica, lumínica y atmosférica en las zonas urbanas. ...”; e considerando que esta ordenanza respecta os principios de boa regulación previstos no artigo 129 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, sendo coherente co principio de proporcionalidade e eficacia ao conter a regulación imprescindible para atender á necesidade a cubrir pola norma, xerando un marco normativo claro que falicita o seu coñecemento e comprensión e contribúe á seguridade xurídica, e supondo unha minoración de trámites e simplificación de procedementos polo que respecta ao principio de eficiencia.

CAPÍTULO I. DISPOSICIÓNS XERAIS

Artigo 1. Obxecto

O presente regulamento ten por obxecto establecer as normas ás que deberá axustarse a autorización de uso de biotrituradoras propiedade do concello a particulares para xestión da biomasa domiciliaria, determinando os dereitos, obrigas e réxime de infraccións e sancións.

O Concello de Tui, vai poñer a disposición da veciñanza este servizo, fomentando unha correcta xestión dos residuos de orixe vexetal xerados no ámbito municipal, contribuíndo así a:

- Evitar que estes residuos rematen no circuíto de recollida do lixo, co conseguente custe asociado a danos materiais e de xestión.
- Obter un produto de valor engadido para o plan de compostaxe do Concello, no que pode ser empregado como estruturante, ou incluso como material de alcolchado para horta e xardíns.
- Reducir o número de queimas minimizando riscos de incendio e contaminación ambiental.

Artigo 2. Ámbito do Servizo

O ámbito do servizo queda circunscrito ó uso da maquinaria dentro dos límites do Concello de Tui.

Artigo 3. Fundamento Legal

O Concello de Tui, para a xestión dos seus intereses, e no ámbito das súas competencias, pode promover toda clase de actividades e servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades ambientais e a mellorar a calidade de vida.



O Concello na súa calidade de Administración pública de carácter territorial e dentro da esfera das súas competencias, exercita a potestade regulamentaria que lle atribúe o artigo 4.a) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, en relación cos artigos 22.2.d); 25.2. b) e f) ;139-141 do citado corpo legal e artigo 33 do Decreto do 17 de xuño de 1955, polo que se aproba o Regulamento de Servizos das Corporacións Locais.

Artigo 4. Potestades

Nas materias obxecto deste Regulamento, esta Entidade local, ostenta cantas potestades lle confire o artigo 4 da Lei reguladora das Bases de Réxime Local e demais normativa aplicable, incluídas as potestades de inspección e sancionadora.

CAPÍTULO II. ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO SERVIZO

Artigo 5. Características do sistema de provisión de biotrituradoras

O sistema está composto por biotrituradoras eléctricas ubicadas nas dependencias municipais, onde serán recollidas polas persoas usuarias cos seus propios medios. Unha vez rematado o prazo de autorización de uso, as biotrituradoras serán devoltas ao mesmo lugar.

Artigo 6. Emprazamento da maquinaria

O emprazamento da maquinaria estará indicado no modelo de solicitude que se cumprimente ao solicitar o servizo.

Artigo 7. Persoas usuarias do servizo.

Poderán ser persoas usuarias do servizo todas as persoas maiores de idade, con domicilio no concello de Tui, que se dean de alta no servizo, e que se atopen ao corrente nas súas obrigas tributarias co mesmo.

As persoas solicitantes serán persoas físicas e o emprego das biotrituradoras será sempre no ámbito privado domiciliario, non podendo ser utilizado o material con ánimo de lucro.

Artigo 8. Alta no servizo e presentación de solicitudes de particulares

Toda persoa que pretenda empregar o servizo municipal de trituración deberá previamente darse de alta no servizo, o que implicará recibir unha serie de instrucións sobre o funcionamento da maquinaria.

O uso das biotrituradoras solicitarase mediante rexistro de entrada telemática ou en calquera das formas a que se refire o art. 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, mediante a presentación do modelo de solicitude e alta no servizo.



Venres, 9 de decembro de 2022

Núm. 234

A solicitude deberá ser presentada, polo menos, cunha semana de antelación ao día que se pretende retirar a trituradora. Se existisen varias solicitudes ao mesmo tempo atenderanse as peticións por orde de entrada. No caso de solicitudes con igual data de rexistro de entrada serán priorizadas as solicitudes das persoas que participen no Plan de Compostaxe do concello a través da compostaxe comunitaria, veciñal ou individual.

O concello porase en contacto coa persoa interesada para indicarlle a data e lugar de recollida posible.

Artigo 9. Funcionamento do servizo municipal de provisión de biotrituradoras.

Para recoller a biotrituradora a persoa usuaria deberá confirmar a asistencia polo menos cun día de antelación.

O horario do servizo, tanto para entrega como para devolución, será os xoves de 10:00 h a 14:00 h, podendo ser obxecto de modificación por resolución de Alcaldía ou da concellería delegada.

Para retirar a biotrituradora, deberá cubrirse un impreso de entrega onde se indicará o nome da persoa usuaria rexistrada, o día que se fai entrega da maquinaria e o día no que se traerá de volta ás dependencias municipais (o tempo de autorización de uso non poderá exceder dunha semana). En caso de non presentarse na data e hora acordadas, a biotrituradora porase a disposición da seguinte solicitude. No momento de devolución da maquinaria entregarase un impreso onde se indicará a data de devolución, horas de uso e incidencias se fose o caso.

O Concello resérvase a posibilidade de establecer as datas e/ou horarios de autorización de uso en función da dispoñibilidade das biotrituradoras e a súa demanda.

O material a entregar coa máquina será:

- - Cable extensor.
- - Guía de utilización da maquinaria.

Artigo 10. Condicións de Utilización

- O emprego das trituradoras limítase a persoas físicas, para uso particular e privado, sempre dentro dos límites territoriais do concello, sendo a persoa usuaria a responsable a tódolos efectos do seu manexo, transporte e as súas consecuencias.

- O emprego da maquinaria limítase á trituración de restos leñosos procedentes de podas domiciliarias: ramas de árbores froiteiras, viña, árbores ornamentais, restos de xardinería, etc.

- A duración da autorización de uso limítase, como máximo, a unha semana (7 días), incluíndo no cómputo sábados, domingos e festivos. Cando o período de préstamo expire fora do horario do servizo (xoves festivo), a maquinaria entregarase no horario de apertura do servizo máis próximo (primeiro día laboral despois de xoves festivo).



Venres, 9 de decembro de 2022

Núm. 234

- Entre dous períodos de uso consecutivos, deberá pasar polo menos unha semana.
- Na devolución da maquinaria, farase unha breve revisión dos seus compoñentes, e verificarase o correcto funcionamento, sendo responsable do mesmo a persoa usuaria que está a utilizar a máquina, ata a aceptación da devolución pola administración.

CAPÍTULO III. DEREITOS E OBRIGAS DAS PERSOAS USUARIAS

Artigo 11. Dereitos.

- Toda a veciñanza ten dereito ao uso do servizo, cumprindo as condicións establecidas na presente ordenanza.
- Toda a veciñanza ten dereito ao emprego da maquinaria no ámbito privado, dentro dos límites do Concello de Tui.

Artigo 12. Obrigas.

- Toda persoa usuaria do servizo está obrigada a un correcto uso da maquinaria.
- Toda persoa usuaria do servizo está obrigada ao cumprimento das normas establecidas na presente ordenanza.
- Toda persoa usuaria deberá respectar en todo momento estas normas, sen prexuízo do cumprimento doutros regulamentos, normas, e lexislación vixente que afecte ao emprego desta maquinaria ou ás consecuencias da súa utilización.
- Serán de obrigado cumprimento as indicacións ofrecidas polo persoal responsable do servizo do concello no tocante ao mantemento e correcto funcionamento da máquina.
- Calquera incidente ocorrido durante o emprego da maquinaria, deberá ser comunicado aos teléfonos facilitados polo concello, na maior brevidade posible.
- A persoa usuaria responderá de calquera dano que se cause na maquinaria por un transporte ou uso incorrecto da mesma, eximindo ao concello de toda responsabilidade.
- A persoa usuaria será responsable do correcto uso da maquinaria e da adopción das medidas de seguridade que fosen precisas para evitar danos propios ou a terceiras persoas.
- O Concello non será responsable de calquera dano que sufra a persoa usuaria ou unha terceira polo mal uso da maquinaria.

Artigo 13. Prohibicións

- Prohíbese o emprego da maquinaria fora dos límites territoriais do concello.
- Prohíbese á persoa usuaria o préstamo, aluguer, cesión ou calquera disposición da maquinaria ou accesorios a favor de terceiras persoas.



Venres, 9 de decembro de 2022

Núm. 234

- Prohíbese o emprego da maquinaria en limpeza de restos forestais.
- Prohíbese a introdución de restos vexetais que superen o grosor ou diámetro ou forma admitidos pola máquina.
- Prohíbese a introdución de elementos distintos a os indicados no artigo 10 “Condicións de utilización” para o emprego da maquinaria. En concreto, prohíbese a introdución de restos verdes non leñosos, tales como herba, restos de flores, plantas arrincadas, etc.
- Prohíbese a desmontaxe ou manipulación da maquinaria, excepto para aquelas accións indispensables, indicadas na guía de utilización, destinadas ó correcto funcionamento da mesma, ou ó seu transporte.

Artigo 14. Obrigas en caso de furto ou roubo.

- Efectuar a correspondente denuncia na policía.
- Comunicar telefonicamente ao Concello de Tui e presentar copia da denuncia no Concello.
- No caso de non presentar denuncia, considerarase a inhabilitación definitiva no servizo, sen prexuízo de aplicarse o réxime sancionador correspondente.

*CAPÍTULO IV. RÉXIME SANCIONADOR***Artigo 15. Principios xerais**

Será infracción administrativa o incumprimento das obrigas, prohibicións e requisitos establecidos na presente Ordenanza. O réxime sancionador deste Regulamento réxese polos principios contidos na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e demais normativa de desenvolvemento.

Así mesmo, serán de aplicación as disposicións contidas no Título XI da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local.

Artigo 16. Clasificación das infraccións.

As infraccións clasifícanse como leves, graves ou moi graves, sen prexuízo de que todo incumprimento disposto nesta ordenanza, constitúe unha infracción da mesma, quedando a consideración do concello a súa clasificación como leve, grave ou moi grave, e a conveniencia ou non da súa sanción e os termos da mesma, no ámbito das súas competencias.

INFRACCIÓNS LEVES

Serán leves as seguintes infraccións:

- O retraso na devolución da maquinaria non debida a causas xustificadas.
- Non respectar as tarefas mínimas de limpeza, conservación e mantemento da máquina.



Venres, 9 de decembro de 2022

Núm. 234

INFRACCIÓNES GRAVES

Serán graves as seguintes infraccións:

- O emprego da maquinaria fora dos ámbitos establecidos para o seu emprego (horta e xardinería).
- O préstamo ou cesión a terceiras persoas.
- O manexo por persoas distintas da persoa titular da autorización de uso.
- Producir danos na máquina por un uso incorrecto da mesma, sen prexuízo de ter que asumir os gastos debidos á súa reparación.
- Uso incorrecto da maquinaria que de lugar a risco en bens ou en persoas.
- Coidado non axeitado da maquinaria no seu uso, transporte ou devolución, que provocasen danos na mesma.
- A reiteración na comisión de dúas faltas leves.

INFRACCIÓNES MOI GRAVES

Serán infraccións moi graves:

- O emprego da maquinaria con fins de lucro, estando expresamente prohibido o seu aluguer, venda ou emprego con fins comerciais, ou diferentes dos especificados para cada máquina.
- Non realizar denuncia no suposto de roubo.
- A reiteración na comisión de dúas faltas graves no período de doce meses.
- A perda da maquinaria ou non devolución da mesma.
- Non coidado axeitado da maquinaria no seu uso, transporte ou devolución, que provocasen danos graves na mesma.

Artigo 17. Sancións

As infraccións ó presente regulamento darán lugar ás seguintes sancións, sen prexuízo das indemnizacións que poida interpoñer o concello destinadas a sufragar posibles desperfectos ou outros:

- As faltas leves sancionaranse con penalizacións de suspensión temporal dun mes da persoa usuaria do servizo, e/ou multa de 60 €.
- As faltas graves sancionaranse con multa de 61 € a 300 € e/ou suspensión temporal de un a seis meses da persoa usuaria no servizo.
- As faltas moi graves sancionaranse con multa dende os 301 € en diante, e/ou a suspensión temporal da persoa usuaria do servizo de seis meses a baixa definitiva do servizo.



Venres, 9 de decembro de 2022

Núm. 234

Artigo 18. Potestade sancionadora

O exercicio da potestade sancionadora prevista nesta Ordenanza corresponde á Alcaldía do Concello de Tui, con arranxo ao disposto nos artigos 21.1. n) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, sen prexuízo da posibilidade de delegar o exercicio da devandita atribución.

DISPOSICIÓN FINAL ÚNICA

Para todo o non regulado expresamente na presente ordenanza estarase ao disposto na normativa xeral aplicable a cada caso.

ENTRADA EN VIGOR

Esta Ordenanza entrará en vigor, unha vez aprobada definitivamente ou elevada automaticamente a definitiva, e convenientemente publicada no Boletín Oficial da Provincia, unha vez transcorrido o prazo ao cal se refire o art. 65.2 en relación con o 70.2 de a Lei 7/1985, Reguladora das Bases do Réxime Local, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

O alcalde — Enrique Cabaleiro González



Venres, 9 de decembro de 2022

Núm. 234

IMPRESO DE ALTA NO SERVIZO DE AUTORIZACIÓN DE USO DE BIOTRITURADORAS

DATOS DO SOLICITANTE			
Nome e Apelidos		DNI / NIF	
Correo electrónico		Teléfono	
Domicilio			
Rúa / Barrio		Nº	
Parroquia		Código Postal	
SOLICITA			
Alta no servizo de autorización de uso de biotrituradoras de acordo coa ordenanza municipal reguladora da provisión de biotrituradoras a particulares para xestión da biomasa domiciliaria.			

De conformidade co art. 28.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, se autoriza a esta Administración a consultar ou recadar os datos ou documentos necesarios para a tramitación da súa solicitude, salvo que se manifeste a súa oposición a esta consulta no seguinte recadro, suposto no que se deberá achegar dita documentación:

- ☐ **AUTORIZO** aos efectos da normativa de protección de datos de carácter persoal, a esta administración á comprobación telemática con outras Administracións Públicas de datos declarados e demais circunstancias relativas á autorización solicitada.
- ☐ Non autorizo o acceso

Tui, a de de 20.....

Sinatura do solicitante: Nome e DNI

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal>
Código seguro de verificación: LY7G2CQD36YU4L11



Venres, 9 de decembro de 2022

Núm. 234

Información básica de Protección de Datos Personais (Reglamento (UE) 2016/679 do 27 de abril 2016 (RXPd) e Lei Orgánica de Protección de Datos e Garantía de Dereitos Dixitais, 3/2018 (LOPDGDD)):

RESPONSABLE DO TRATAMENTO	Concello de Tui
FINALIDADE DO TRATAMENTO	A xestión da súa solicitude e a tramitación administrativa que no seu caso se poida derivar da mesma
LEXITIMACIÓN PARA O TRATAMENTO	Consentimento da persoa interesada (artigo 6.1 a) do RXPd) e o exercicio dos poderes públicos conferidos ao Responsable (artigo 6.1 e) do RXPd)
DESTINATARIOS DOS DATOS	Os datos non serán comunicados a terceiros, salvo por obriga legal ou consentimento expreso.
PRAZO DE CONSERVACIÓN	Os datos proporcionados conservaranse durante o tempo necesario para cumprir coas obrigas legais do Responsable
EXERCICIO DE DEREITOS	Lle asisten os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, portabilidade e limitación según o establecido na normativa de protección de datos personais.
INFORMACIÓN ADICIONAL e contacto delegado protección de datos	Dispón de información adicional e detaiada sobre Protección de Datos na nosa web www.tui.gal no apartado de políticas de privacidade. Datos de contacto do delegado de protección de datos: dpo@tui.gal



Venres, 9 de decembro de 2022

Núm. 234

SOLICITUDE DE **AUTORIZACIÓN DE USO DE BIOTRITURADORA**

DATOS DA PERSOA SOLICITANTE			
Nome e Apelidos		DNI / NIF	
Correo electrónico		Teléfono	
Domicilio			
Rúa / Barrio		Nº	
Parroquia		Código Postal	
A PERSOA SOLICITANTE POLA PRESENTE			
● Solicita autorización de uso de biotrituradora para a xestión de biomasa domiciliaria. E así mesmo DECLARA: ● Coñecer e aceptar os dereitos e obrigas establecidos na ordenanza reguladora da provisión de biotrituradoras a particulares para a xestión de biomasa domiciliaria. ● A persoa solicitante Que é responsable a todos os efectos do manexo, transporte e as súas consecuencias.			

De conformidade co art. 28.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, se autoriza a esta Administración a consultar ou recadar os datos ou documentos necesarios para a tramitación da súa solicitude, salvo que se manifeste a súa oposición a esta consulta no seguinte recadro, suposto no que se deberá achegar dita documentación:

- ☐ **AUTORIZO** aos efectos da normativa de protección de datos de carácter persoal, a esta administración á comprobación telemática con outras Administracións Públicas de datos declarados e demais circunstancias relativas á autorización solicitada.
- ☐ Non autorizo o acceso

Tui, a de de 20.....

Sinatura do solicitante: Nome e DNI

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal>
Código seguro de verificación: LY7G2CQD36YU4L11



Venres, 9 de decembro de 2022

Núm. 234

Información básica de Protección de Datos Personais (Regulamento (UE) 2016/679 do 27 de abril 2016 (RXPd) e Lei Orgánica de Protección de Datos e Garantía de Dereitos Dixitais, 3/2018 (LOPDGDD)):

RESPONSABLE DO TRATAMENTO	Concello de Tui
FINALIDADE DO TRATAMENTO	A xestión da súa solicitude e a tramitación administrativa que no seu caso se poida derivar da mesma
LEXITIMACIÓN PARA O TRATAMENTO	Consentimento da persoa interesada (artigo 6.1 a) do RXPd) e o exercicio dos poderes públicos conferidos ao Responsable (artigo 6.1 e) do RXPd)
DESTINATARIOS DOS DATOS	Os datos non serán comunicados a terceiros, salvo por obriga legal ou consentimento expreso.
PRAZO DE CONSERVACIÓN	Os datos proporcionados conservaranse durante o tempo necesario para cumprir coas obrigas legais do Responsable
EXERCICIO DE DEREITOS	Lle asisten os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, portabilidade e limitación según o establecido na normativa de protección de datos personais.
INFORMACIÓN ADICIONAL e contacto delegado protección de datos	Dispón de información adicional e detaiada sobre Protección de Datos na nosa web www.tui.gal no apartado de políticas de privacidade. Datos de contacto do delegado de protección de datos: dpo@tui.gal

”

O que se fai público para xeral coñecemento, advertíndose que de acordo co disposto no artigo 112.3 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas contra a presente disposición de carácter xeral non caberá recurso en vía administrativa, podendo interpoñer recurso Contencioso Administrativo ante o Xulgado do Contencioso Administrativo no prazo de dous meses dende a publicación do presente acto, de acordo co establecido no artigo 46 da Lei reguladora da Xurisdición Contencioso Administrativa. Todo iso sen prexuízo de que poida exercitarse, no seu caso, calquera outro recurso que se estime pertinente.

Documento asinado polo Sr. Alcalde, Enrique Cabaleiro González, en Tui.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal>
Código seguro de verificación: LY7G2CQD36YU4L11

